

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE O CESE DO BLOQUEO Á REPÚBLICA DE CUBA**

A Deputación da Coruña celebra a reanudación das relacións diplomáticas entre o Estados Unidos de América e a República de Cuba.

A última resolución deste ano, a 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada *“Necesidade de por fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba”* concluíu con 191 países a favor da resolución, e dous en contra: Estados Unidos e Israel, sen ningunha abstención.

Esta é unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o embargo a este país e Galicia quere mostrar tamén así o seu compromiso e proximidade polos vínculos fraternais que nos unen co pobo de Cuba.

Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EE UU de América a Cuba deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexa a relación entre os pobos.